

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO 19.02.2019

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 09.03 h do 19.02.2019, baixo a presidencia do alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión extraordinaria convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Rocío Aurora Bértoa Puente, Juan José Franco Casal, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Painceiras, Ana María Novo Picos, Juventino José Trigo Rey, Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto, Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, César Daniel Castro García e María Carmen Martínez Rodríguez

Secretaria:

Estefanía Manteiga Lamas

Interventora:

María Teresa Diz Alonso

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido segundo o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

E:

1. Aprobación, se procede, da aprobación do expediente de contratación do servizo "Axuda no Fogar"

Consta no expediente a Proposta da alcaldía, que foi ditaminada favorablemente na sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Dinamización Económica do 14.02.2019 4 votos a favor (3 do grupo municipal do PP e 1 do grupo municipal Somos Fene) e 4 abstencións (2 do grupo municipal do BNG, 1 do grupo municipal Socialista e 1 voto do grupo Mixto municipal):

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

O Concello de Fene precisa contratar o servizo de axuda no fogar que expirará o vindeiro mes de abril.

Conforme ao artigo 116.4 LCSP xustifícanse os seguintes extremos desta contratación:

a) A elección do procedemento de licitación: tramitarase mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada ao tratarse dun contrato de servizos de valor estimado superior aos 221.000 euros de conformidade co esixido no artigo 22 e 159 LCSP.

b) A solvencia deberá acreditarse conforme ao previsto nos artigos 86 e ss LCSP.

c) Criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato, así como as condicións especiais de execución do mesmo: os criterios de adxudicación son proxecto do servizo, certificado de calidade, prezo e melloras técnicas sen custe para a administración.

Con estes criterios búscase unha mellor relación calidade-prezo, incorporando criterios sociais relacionados co obxecto do contrato ao valorarse a maior ratio de persoal na prestación do servizo e un plan de conciliación, estabilidade e melloras laborais por riba das mínimas esixidas no convenio colectivo de aplicación.

Como condicións especiais de execución requírese que o contratista observe:

- as disposicións vixentes en materia laboral e de Seguridade Social e en especial os convenios colectivos do sector ou empresa correspondentes.

-as disposicións vixentes en materia de seguridade e hixiene no traballo e prevención de Riscos Laborais.

d) O valor estimado do contrato cunha indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo sempre os custos laborais se existisen: constan desagregados como anexo dos pregos de prescricións técnicas.

e) A necesidade da Administración á que se pretende dar satisfacción mediante a contratación das prestacións correspondentes; e a súa relación co obxecto do contrato, que deberá ser directa, clara e proporcional: con este servizo preténdese dotar do funcionamento necesario ao servizo de axuda no fogar tanto na súa modalidade de dependencia como básico no exercizo das competencias municipais previstas na Lei de servizos sociais de Galicia.

f) A decisión de non dividir en lotes o obxecto do contrato, no seu caso: de conformidade co artigo 99 LCSP non procede a división en lotes do obxecto do contrato porque a realización independente das prestacións dificultaría a correcta execución deste dende o punto de vista técnico.

A tramitación do expediente de contratación do contrato servizo de "axuda no fogar" finalizou, unha vez incorporados os pregos de cláusulas administrativas, prego de prescricións técnicas e anexos do contrato, informe favorable de secretaría 10/2019 de 04.02.2019, certificado de existencia de crédito e informe de fiscalización favorable 29/2019, da intervención municipal de 05.02.2019.

Considerando, que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable e que procede a súa aprobación polo Pleno da Corporación de conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, por parte desta Alcaldía propónse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas tal e como figura no expediente e os seus anexos, as prescricións técnicas e demais contido do expediente de contratación do servizo "AXUDA NO FOGAR"

Segundo.- Autorizar pola contía de 594.542,80 €, o gasto que representa a contratación referida para o ano 2019 (previsión de 8 meses), con cargo á aplicación orzamentaria 231/22798 do orzamento vixente.

Terceiro.- Acordar a apertura do procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada con varios criterios de adxudicación para que no prazo de 30 días naturais contados dende o data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde Gumersindo P. Galego Feal"

O alcalde anuncia que se presenta a Proposta cunha emenda nos pregos de cláusulas administrativas.

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que anuncia a abstención do seu grupo xa que se trata dun acto de goberno que considera imprescindible sacalo adiante e quere preguntar, en que data presentou a empresa a renuncia? e canto tempo se tardará en adxudicar o contrato?. En relación co asunto en si, na Comisión preguntaron sobre datos técnicos, díxose que se ían valorar os programas a facer e observa, respecto das obrigas da empresa, que falta algunha que se dixo que se esixiría, falouse dunha serie de horas que había na anterior adxudicación e que agora non aparecen no prego. Trátase de criterios que o seu grupo valora e solicita que se teñan en conta. Respecto das axudas técnicas anuais pensa que son case que iguais pero na anterior adxudicación, dentro das melloras se tivo en conta horas de fisioterapia, podoloxía, atención psicolóxica e terapia ocupacional e agora non se observan no punto 7 dos pregos, por iso pregunta se isto vaise ter en conta finalmente en algún dos apartados?.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que se trata dun dos contratos máis importantes que fai o Concello e sinala o

importante que é que se actualice. Cando recolleu a información do expediente atopou un borrador de prego de cláusulas administrativas que non coincide exactamente co prego actual pois hai unha variación substancial respecto da valoración das horas que aumenta en case que un euro máis, polo que quere saber cal foi o proceso polo que se transitou dunha cousa a outra. Respecto do prego entende que se opta por unha poxa no que só se valora o prezo. O seu grupo non coincide nisto de comprar as cousas á poxa, entende que hai que valorar criterios de calidade e de prezo e, en función dos recursos económicos de cada un, se tende á maior calidade posible dentro dos seus recursos. Este contrato non mide a calidade, só o prezo, a pesar de que hai un prego de condicións técnicas que define bastante ben o servizo, pero a administración pública debe tender a adxudicar conxugando a calidade e o prezo. Este tipo de sistemas simplifican os procedementos, os fan moito máis sinxelos, pero na práctica esa simplicidade produce na xestión terribles problemas porque as empresas tenden a facer baixas máis alá do razoable e iso repercute nos veciños e veciñas e en quen xestione o Concello. Por todo isto, di que este non é o procedemento que máis lle gusta e neste sentido poderíase ter feito un maior esforzo por parte do grupo de goberno, ter un maior diálogo respecto da elaboración dos pregos e darlle máis tempo á oposición, aínda que formalmente cumpríu ao convocar a Comisión en prazo e demais. A posición do seu grupo é a abstención a falla de que se lle conteste o preguntado.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que lle gustaría escoitar primeiro respostas, aínda que avanza que o seu voto será a abstención, para logo poder intervir.

De seguido fai uso da palabra a concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puete, que di que a data na que presentou a empresa a renuncia agora mesmo non a pode dicir con exactitude, pero pensa que foi a final do mes de outubro e o contrato remataría en abril. Respecto dos prazos para a adxudicación di que se van axilizar o máximo posible, así logo do acordo que se tome aquí logo haberá que facer as publicacións oficiais que xa non dependen tanto do Concello como dos outros organismos. Respecto dos pregos técnicos, segundo o criterio da técnica que valora as condicións que terán que ter as empresas que se presenten, valórase máis os medios persoais, considera que a máis persoas contratadas, mellor servizo poderá dar a empresa e iso é o que vai primar. Respecto das horas de fisioterapia e demais, non obrigatorias, a técnica considera que eran pouco demandadas polos usuarios, que encarecían moito o servizo e que fai que a axuda básica se vexa mermada por esas esixencias.

Seguidamente fai uso da palabra o alcalde que di que o do borrador debeuse ser un erro.

De seguido fai uso da palabra a secretaria municipal que di que había uns documentos de traballo cun clip que poñían borrador e que non debían estar no expediente, pero constaba o prego definitivo. Descártase totalmente que non estivese o prego definitivo.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que o documento facía un estudo dos prezos/hora dos prezos do servizo na comarca das últimas contratacións que daba unha cantidade e o Concello dá outra substancialmente superior. Gustaríalle saber por que un estudo non é válido e o outro si. Por outro lado, en canto aos servizos complementarios coincide coa valoración que fixo o voceiro do grupo municipal do BNG respecto das axudas técnicas que semella que son parellas entre as que había e as que haberá agora, non así nos servizos complementarios que non específica cales serán. A valoración da técnica, pensa que fixo un bo traballo, pero non coincide cos datos que baralla. Para fixar estes servizos complementarios pregunta se se fixo algunha enquisa ou non. Na experiencia do goberno, no 2015, detectouse que había servizos que non tiñan demanda, mandouse unha circular preguntando o porqué e, onde non había ningún uso, pasouse a unha demanda superior á oferta recollida nos pregos o que levou a algunha negociación para determinar as horas a facer. No 2015 constatáronse algúns datos, así en fisioterapia houbo 23 persoas, en podoloxía 25, en enfermería 6, en atención psicolóxica 5, en terapia ocupacional 9 e contrasta coas axudas técnicas, que se considera a necesidade de que estean recollidas, pero a demanda das axudas técnicas no 2015 foi de 6 solicitudes de camas articuladas, 7 de cadeiras xiratorias, 6 sillóns xeriátricos, cadeiras de rodas 4, 1 grúa, 4 andadores e 5 mesas móbiles. Hai moito máis de demanda no que se chama servizos complementarios que nas axudas técnicas. En cambio no prego se encontra como razoable que as axudas técnicas si que se recollan e estes servizos complementarios, que cando os usuarios saben que existen, ten unha demanda que multiplica case que por 3 as axudas técnicas recollidas. Estes son os datos obxectivos do ano 2015. Dende entón puido haber evolución pero estrañaríalle que baixasen.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta logo de obter 9 votos a favor (7 do grupo municipal do PP e 2 do grupo municipal Somos Fene) e 8 abstencións (4 do grupo municipal do BNG, 3 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas tal e como figura no expediente e os seus anexos, as prescricións técnicas e demais contido do expediente de contratación do servizo "AXUDA NO FOGAR"

Segundo.- Autorizar pola contía de 594.542,80 €, o gasto que representa a contratación referida para o ano 2019 (previsión de 8 meses), con cargo á aplicación orzamentaria 231/22798 do orzamento vixente.

Terceiro.- Acordar a apertura do procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada con varios criterios de adxudicación para que no prazo de 30 días naturais contados dende o data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 09.21 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola secretaria Estefanía Manteiga Lamas e polo alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal.

D-0
093
151
P-
E:
C.T